

Reclamación ás cualificación finais.

Instrución 10/2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se establecen para o curso 2023/24 os prazos e o procedemento para as reclamacións das cualificacións finais no segundo curso de bacharelato ou da decisión de titulación nesta etapa educativa.

Os modelos de reclamación ás cualificacións finais están dispoñible na páx. Web do instituto no apartado Secretaria-Impresos.

Solicitud de Título de Bacharel

O alumnado que remate os estudos de Bacharelato debe solicitar o título de Bacharel. Este trámite é imprescindible para matricularse na ABAU e para acceder a ciclos formativos de grao superior.

O alumnado deberá entregar na secretaría do instituto:

- O impreso de solicitud de título (dispoñible na páx. Web do instituto no apartado Secretaria-Impresos)
- Unha fotocopia do seu DNI ou NIE
- O xustificante do pago de taxas

Formas de pago: Na Oficina VirtualTributaria (<https://ovt.atriga.gal/>)

1ª opción: Premer en “Iniciar taxa” para iniciar a tramitación electrónica: Cumprimentar o modelo de autoliquidación e realizar o pago da taxa. Poderá facer o pagamento por dúas vías:

- Telemática: con tarxeta de crédito/débito, Bizum ou cargo en conta.
- Presencial: imprimindo o modelo 731 cumprimentado e facendo o pago presencial nunha entidade financeira colaboradora.

2ª opción: Premer en “Descargar modelo” para descargar o modelo de autoliquidación e cumprimentalo a man cos datos que figuran no cadro e efectuar o pago nunha entidade financeira colaboradora.

DATOS NECESARIOS PARA O PAGAMENTO

Consellería: Cultura, Educación e Universidade - Código: 07

Delegación: Servizos Centrais - Código: 13

Servizo: Ensino Medio - Código: 03

Denominación: Expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola LOE e dos seus duplicados - Código: 302003

Obxecto do pago: Título de Bacharel

Total a ingresar: Tarifa ordinaria: 54,00 €

Familia numerosa, categoría xeral: 27,03 € (presentar acreditación FªNª)

Familia numerosa, categoría especial: 0

Matrícula ABAU 2024

Enlaces á información

CiUG: <https://ciug.gal/gal>

NERTA: <https://www.edu.xunta.es/nerta>

Instrucións NERTA alumnado ABAU: [Instrucións NERTA alumnado](#)

1 - Matrícula anticipada

Poderase matricular no prazo sinalado para a Matrícula Anticipada o alumnado que obtivese o título de Bacharelato en convocatorias anteriores (anteriores ao curso 2023-24 para a Convocatoria Ordinaria e anteriores ao curso 2023-24 ou na Convocatoria de xuño do curso 2023/24 para a Convocatoria Extraordinaria).

Prazo: do 2 ao 20 de maio para a Convocatoria Ordinaria e do 10 ao 17 de xuño para a Extraordinaria

A matrícula anticipada realizarase a través da aplicación informática Nerta e, de non ser posible, enviarase a documentación ao correo electrónico do LERD 3 Campus de Elviña (lerdcoruna@udc.es).

2 - Matrícula a través do centro (convocatoria ordinaria e extraordinaria)

A prematrícula debe ser realizada polo alumnado na secretaría do instituto do 16 ao 20 de maio para a Convocatoria Ordinaria e do 13 ao 17 de xuño para a Extraordinaria.

O alumnado deberá entregar:

- O impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado. [impresso matrícula ABAU](#)
- O xustificante de ter aboado o prezo da matrícula ABAU (só no caso de pago presencial) [impresso taxas Bacharelato](#)

Formas de pago:

- De forma electrónica: a través da aplicación NERTA, utilizando unha tarxeta de crédito. O pago telemático só é posible facelo despois de realizar a pre-matrícula no Centro.
- De forma presencial: Unha vez cuberto o impreso de pago de taxas deberán entregar o orixinal na entidade bancaria, unha copia para o Centro e outra para o interesado.

Cantidade a ingresar: Tarifa ordinaria: **63,67 €**
 Familia numerosa, categoría xeral (50% de exención) : **31,84 €**
 GRATUÍTA (Exención total): Fª Nª Honra-Especial, persoal universidades do SUG, persoas con discapacidade (≥ 33%), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero e persoas beneficiarias da prestación do ingreso mínimo vital.

O alumnado con dereito a exención de taxas debe entregar a documentación que se indica nas instrucións do impreso.

3 – Prazo especial de matrícula

Poderá matricularse no prazo de Matrícula Extraordinaria, o alumnado que obteña resolución favorable da súa reclamación ás cualificacións do Bacharelato ante a Xefatura Territorial.

Este alumnado poderá matricularse a través da aplicación Nerta, das 9:00 ás 14:00h. do día seguinte a comunicación da resolución.